



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FUNDACIÓN REDE DE INNOVACIÓN AROUSA (RIA) PARA O IMPULSO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA DA MOBILIDADE E DA INTEGRACIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS EN ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN NA REXIÓN PERCORRIDA POLA ESTRADA AC-305.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Por outra banda, a Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) é unha entidade privada de carácter cultural, sen ánimo de lucro e con proxección pública nacional e internacional. O artigo 7 dos seus estatutos, recolle o obxecto, a finalidade e o estudo, a planificación e o desenvolvemento produtivo, económico e cultural do territorio galego. A Fundación RIA busca conciliar e potenciar os esforzos de persoas e institucións públicas e privadas relacionadas cos mesmos, e no seu caso operar como instrumento de coordinación destas.

A Fundación RIA vén desenvolvendo, con fondos propios e colaborando coas diferentes administracións, unha actividade continuada en materia de ordenación do territorio e urbanismo, no que as infraestruturas viarias teñen un papel fundamental. Os estudos e propostas desenvolvidos abordan conflitos relativos á seguridade de condutores e peóns; á degradación urbana xerada por vías urbanas e interurbanas que atravesan as poboacións; ás deficiencias na articulación territorial do sistema público de mobilidade; á regulación do aparcamento no espazo público; e á recuperación e fortalecemento da identidade dos asentamentos.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A Axencia Galega de Infraestruturas e a Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) pretenden realizar, a través dunha colaboración técnica e





económica, unha serie de accións no ámbito da estrada AC-305 enfocadas á mobilidade segura e sustentable, á mellor adaptación da estrada aos contextos urbanos e interurbanos que atravesa, e á reversión de puntos de degradación urbana mediante a xeración de espazos públicos de calidade para o conxunto dos veciños.

En concreto o obxecto comprende as seguintes actuacións:

- 1º- Análise global do ámbito percorrido pola estrada AC-305 e identificación de puntos de conflito e potencial intervención.
- 2º- Diagnoses específicas e elaboración de directrices estratéxicas para intervenir en cinco ámbitos urbanos atravesados pola estrada AC-305 considerados puntos de conflito.
- 3º- Elaboración de propostas de intervención en cinco ámbitos urbanos atravesados pola estrada AC-305 considerados puntos de conflito.
- 4º- Elaboración de material divulgativo e realización de accións de comunicación pública en locais municipais para difundir entre a cidadanía as conclusións dos traballos desenvolvidos.

A finalidade común é garantir, de acordo co exposto, o compromiso dos obxectivos da Axencia de planificación e o deseño de viarios máis seguros para os condutores e peóns, mellor adaptación aos contextos urbanos que percorre e cun deseño integral que mellore o estado e calidade do espazo público.

A Fundación Ría achega a súa experiencia profesional na investigación, asistencia técnica e deseño na protección e desenvolvemento dos valores territoriais, culturais e económicos de Galicia xunto cunha porcentaxe do investimento necesario.

3.- Impacto económico

O custo total da actuación estimase en **212.090,00€** IVE engadido.

A Fundación Ría achega un total de **85.090,00€** ao longo das anualidades 2021, 2022 e 2023.

A Axencia Galega de Infraestructuras, con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.640.1 código de proxecto 2007-00282 achega un total de **127.000€** distribuídos do seguinte xeito:





Anualidade	Importe €
2021	39.000,00
2022	44.000,00
2023	44.000,00
TOTAL	127.000,00

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Fundación Ría e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 .

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director da Axencia Galega de Infraestructuras
Francisco Menéndez Iglesias

